

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

TEATRO PARA TÍTERES

Premio Barriga Verde para Breogán Riveiro

O afundimento do Tiránic, unha obriña cunha ollada irónica sobre personaxes arquetípicos de Breogán Riveiro, mereceu o Premio Internacional Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres 2006, na categoría de monicreques para rapaces. O premio, convocado polo IGAEM da Consellaría de Cultura e Deporte, en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde, quedou deserto na categoría de adultos.

- 16:54 20/11/2006

O tribunal integrábano a escritora Marilar Aleixandre; Xosé Cermeño, escritor, guionista e xornalista; Jorge Rey, director do festival [Galicreques](#) e responsábel da compañía [Títeres Cachirulo](#) e da compostelá [Sala Yago](#) de Santiago; e Anxo García, director de [Viravolta](#) Títeres.

O afundimento do Tiránic foi presentada baixo o lema Batel: conta o naufraxio dun barco como argumento para abordar os distintos xeitos de reaccionar dos personaxes e a importancia da unión á hora de enfrontar os problemas. O xurado destacou a súa "adecuación á especificidade do teatro para monicreques e a súa ollada irónica sobre personaxes arquetípicos do teatro de títeres e da literatura infantil". Subliñou, igualmente, a calidade literaria dos diálogos a través dos que consegue unha linguaxe áxil.

Breogán Riveiro (Montevideo, 1967) realizador e guionista audiovisual residente en Oleiros, recibirá 4.000 euros como gañador deste IV Barriga Verde de Textos para Títeres. Xa obtivera o Pura e Dora Vázquez de Narración da Deputación de Ourense por *A historia máis incríbel que nunca liches*, ademais de gañar en 2004 o V Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil da Deputación da Coruña por *Tonecho de Rebordechao*, o I Premio de Literatura Fantástica Cidade da Coruña e A Curuxa Literaria do Museo de Humor de Fene. Tamén fora finalista do I Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, e ten publicadas, ademais, as obras *O vendedor de mazás*, de xénero fantástico, e *O asasino bífido*, que pode inserirse no ámbito da literatura humorística.